

08-03-2022

Ciencias da Natureza

Para copiar na libreta:

Un ecosistema está formado por un conxunto de seres vivos e o medio físico onde viven. Os seres vivos son o conxunto de animais, plantas e outros seres vivos que habitan nese lugar.

O medio físico é o espazo onde habitan eses seres vivos. A terra, a auga, o aire e as rochas forman parte do medio físico.

Facemos exercicios da páxina 67.

10-03-2022

Ciencias Sociais

Para copiar na libreta:

A costa é a parte da terra que está preto do mar. Cando a costa é chá, adoita ter amplas praias de area. Nas zonas de costa onde as montañas chegan ata o mar hai altos acantilados de rocha.

Outros elementos da paisaxe costeira son os cabos e as illas. Un cabo é unha ampla porción de terra que entra no mar. Unha illa é unha extensión de terra rodeada polo mar. Na costa constrúense portos, faros, estradas, vilas e cidades. As zonas costeiras teñen moitos habitantes.

Facemos exercicios da páxina 67.

11-03-2022

Ciencias da Natureza

Para copiar na libreta:

Os ecosistemas poden ser terrestres ou acuáticos.

Os ecosistemas terrestres poden ser bosques, pradarías ou desertos.

Os ecosistemas acuáticos poden ser de auga doce ou de auga salgada.

Facemos exercicios da páxina 69.